

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS

DEPARTAMENTO DE CIENCIA POLÍTICA

TEORIA POLÍTICA

GUÍA DOCENTE

(Optativa 2º Cuadrimestre)

Curso 2011-2012

PROFESOR: Ramón Máiz
Catedrático de Ciencia Política e da Administración

I.- Obxectivos da materia

Os obxectivos sobranceiros da materia **TEORIA POLITICA** son:

- 1.- Fornecer unha introducción as principais correntes e ós principais debates e argumentos da teoría política normativa contemporánea nunha perspectiva contextualista, isto é, orientada polos problemas fundamentais das democracias actuais.
- 2.- Completar a perspectiva empírica da Ciencia política cun achegamento normativo e pluralista do horizonte de valores, argumentos e asuncións desde os que se realizan as preguntas e deseños de investigación, se implementan e avalían as políticas públicas ou se deseñan as institucións.
- 3.- Desenvolver unha perspectiva crítica de análise dos conceptos, vocabularios e presupostos subxacentes aos arranxos institucionais e políticas públicas das democracias contemporáneas así como ós programas de investigación da ciencia política actual.
- 4.- Requirir argumentos, ideas e conceptos políticos e arriquecer os vocabularios que permitan unha mellora da capacidade de reflexión persoal, argumentación, exposición e expresión oral e escrita en ciencia política.
- 5.- Relacionar os debates teórico-políticos contemporáneos con outras dimensións intelectuais e políticas da vida cultural contemporánea: cinema, pintura, música, literatura.

II.- Contidos

- 1.- *Introducción. Teoría política normativa e ciencia política.* Crítica do positivismo e retorno da teoría política. O xiro contextualista na teoría política contemporánea. As correntes principais da Teoría Política actual. Lectura: R. Máiz “teoría política normativa e ciencia política”.
- 2.- *Romanticismo e Ilustración.* O Romanticismo como conciencia crítica da modernidade. Lectura: Isaiah Berlin *As raíces do romanticismo*
- 3.- *O liberalismo contemporáneo (I) A crise do Utilitarismo como punto de partida.* RAWLS: constructivismo kantiano, constructivismo político. Sociedade ben ordenada. Posición orixinal. Principios de xustiza. Consenso superposto e prioridade da xustiza sobre o ben. A idea da razón pública. Lectura: J. Rawls *Dereito de Xentes e unha revisión da idea de razón pública.*
- 4.- *O Liberalismo contemporáneo (II) NOZICK: pluralismo, utopía e cooperación voluntaria.* Autonomía e self-ownership. Do estado de natureza ó estado mínimo. F. Ovejero *A liberdade inhospita*
- 5.- *O comunitarismo (I) As principais críticas do comunitarismo ó liberalismo: o "eu" contextualizado, a prioridade do Ben, rexeitamento do procedimentalismo.*

MacINTYRE: crítica da Ilustración e aristotelismo político. Práctica, unidade narrativa e tradición. Comunidade e obxectivismo moral. Lectura: A. MacIntyre: *Despois da Virtude*.

6.- *O Comunitarismo* (II) WALZER: teoría pluralista dos ben sociais e congruencia nas esferas distributivas. A noción de autonomía como procedimienta metodolóxico. Cidadanía, autorrespecto e o modelo de conversación *real talk*. Comunidade e tolerancia. *Thick and Thin*.

TAYLOR: identidade, moralidade e comunidade. A prioridade do Ben. A autenticidade vs. autonomía. Cristianismo, romanticismo e nacionalismo. Comunidade homoxénea vs. Sociedade complexa. Lectura Carlos Thiebaut *Os límites da comunidade*

7.- *O Nacionalismo* (I). Etnia e política: a produción das identidades colectivas. ¿Nacionalismo "cívico" vs. Nacionalismo "étnico"? Crítica do concepto prepolítico de nación. Lectura: R. Máiz "Nacionalismo" en *Conceptos Políticos* (Ed. Síntesis)

8.- *O Nacionalismo* (II). O debate sobre o "nacionalismo liberal" . ¿Hai un lugar para a nación na teoría da democracia? KYMLICKA: dereitos individuais e colectivos. Dereitos poliétnicos e dereitos de autogoberno. Protección externas e restriccións internas. Dereitos das minorías e os límites do concepto de tolerancia (negativa e positiva). Lectura: W. Kymilicka *Política vernacular*

9.- *O Nacionalismo* (III). TAMIR: nacionalismo e liberalismo. Concepción da persoa e identidade colectiva. Elección e dereito á cultura. MILLER: identidade nacional e autodeterminación. Nacionalismo e pluralismo. Nacionalismo, patriotismo e universalismo. As lóxicas da secesión e da acomodación plurinacional. Federalismo e multinacionalismo. Lectura: Ramon Máiz *A Fronteira interior*

9.- *O multiculturalismo* (I). PAREKH, CARENS. O concepto de "cultura". Multiculturalismo e multicomunitarismo. Políticas do multiculturalismo. Análise de caso: o debate do veo Lectura B. Parekh *Repensar o multiculturalismo*

10.- *O multiculturalismo* (II).O problema da Inmigración. Nacionalidade e cidadanía Análise de caso: Políticas de inmigración. R. Zapata *Inmigración e cultura de acomodación en España*

11. -*O republicanismo* (I) Democracia participativa, deliberación e republicanismo As catro dimensións da democracia: representación, participación, deliberación e inclusión. Democracia participativa, formación das preferencias e self transformation. Análise de caso: os orzamentos participativos. HABERMAS: pragmática universal e situación ideal de diálogo. Discurso, publicidade e procedementos democráticos. Autonomía e autotransformación. Política e dereito en Facticidade e Validez. Lectura: Ramón Máiz *A Arte do Imposible*.

12.- *O Republicanismo* (II):poder e non dominación: Ph. PETTIT. Democracia e desacordo: GUTMANN & THOMPSON. Democracia, confianza e deliberación. Análise de caso: as enquisas deliberativas. WARREN: novas áreas para a democracia participativa. Lectura: Ph. Pettit *Republicanismo*

13.- *O Posmodernismo*. Posmodernidade e posmodernismo. Crítica das nocións de

suxeito, historia, teoría e política. Deconstrucción e Diferencia (LYOTARD, DERRIDA, LACLAU). Biopolítica e poder: FOUCAULT, NEGRI. Lectura: A. Negri M. Hardt *Imperio*

14.- *O ecoloxismo*. Os termos cambiantes da Política medioambiental: "Survivalism", Racionalismo administrativo e económico. Desenvolvemento sostido. Romanticismo verde, Democracia ecolóxica. As diversas concepcións de sustentabilidade medioambiental. Política medioambiental, cidadanía ecolóxica: A. DOBSON. Globalización, sociedade de risco e modernización reflexiva. Medio ambiente, sustentabilidade e deliberación política. Lectura A. Dobson *Pensamento político Verde*; R. Máiz *A Arte do Imposible* cp. 5.

15.- *O igualitarismo*. Democracia e igualdade no liberalismo: DWORKIN. O debate marxista sobre a xustiza. COHEN. Crítica de Rawls. Ethos igualitario. Inxustiza social e teoría da *explotación*. Propiedade e explotación. Alienación. ¿Igualdade de qué? O debate sobre a *métrica* da igualdade: recursos, oportunidades, benestar, capacidades. *Luck egalitarianism* . DWORKIN, ARNESON, SCANLON, SEN. VAN PARIJS: *o real libertarianismo (Real Freedom)*. O debate sobre a Renda Básica (*Basic Income*). Lectura: R. Gargarella *Razons para o socialismo*

16.- *O feminismo*. O debate contemporáneo. N. FRASER: redistribución e recoñecemento: o xénero, unha identidade bivalente. A. PHILLIPS: a política da presenza. I. YOUNG: paradigma da diferenza. Desigualdade de xénero e diferenzas culturais. S. BENHABID: teoría de xénero e teoría crítica. A crítica á teoría feminista posmoderna. M. NUSSBAUM: Xénero e xustiza social. Mulleres e universais culturais. A crítica feminista do liberalismo. J. BUTLER: constructivismo radical e teoría performativa do sexo e a sexualidade. A Teoría *Queer*. Lectura: J. Butler *Desfacer o xénero*.

III.- Bibliografía básica e complementaria

MANUAIS:

Will Kymlicka *Contemporary Political Philosophy* Oxford U. Press 2002

Ramón Máiz (ed.) *Teorías políticas contemporaneas* Ed. Tirant Lo Blanch 2009

Dryzek, J. Honig, B Phillips, A. (eds) *Handbook of Political Theory* Oxford U. Press 2008

A. Arteta, E. Guitián, R. Máiz (eds.) *Teoría Política* Alianza Editorial 2008

C. McKinnon *Issues in Political Theory* Oxford U. Press, 2012.

Para cada unidade temática fornecerase **bibliografía específica**.

Na **páxina web persoal** do Profesor están dispoñibles os **ARTIGOS** que recollen o seu punto de vista en diversos temas do curso. Na **Aula Virtual** poden atoparse todos os materiais docentes para a materia : artigos, textos para comentar, esquemas.

IV.- Competencias

Esta materia está destinada a enxergar competencias transversais e interdisciplinarias, tanto no que se refire ó coñecemento dos principais problemas e argumentos da teoría política contemporánea, as súas principais correntes e conceptos, como disciplina integrada na ciencia política e en dialogo permanente coas súas achegas así como coas humanidades;

- a). - Desenvolver a capacidade de lectura e comprensión crítica.
- b). - Desenvolver a capacidade de síntese, reflexión e razoamento persoal e crítico na escrita.
- c). - Desenvolver a capacidade de comunicación, exposición e debate público das propias ideas.

V.- Metodoloxía da ensinanza

A ensinanza desenvolverase mediante:

- 1.- clases teóricas
- 2.- comentarios de textos breves de teoría política.
- 3.- traballos tutelados e exposicións en clase
- 4.- comentarios breves de novelas sobre temas relacionados co programa
- 5.- comentarios breves de filmes relacionados co programa
- 6.- ensaio optativo sobre un tema do programa
- 7.- comentario e debate de dossiers de textos sobre un tema específico (multiculturalismo, inmigración).
- 8.- seminarios e debates sobre lecturas previamente preparadas.

VI.- Sistema de avaliación da aprendizaxe

Avaliarase mediante un exame final e mais a asistencia e participación activa e informada nas diferentes actividades docentes programadas.

VII.- Tempo de estudio e de traballo persoal mínimo que debe dedicarse para superala

75 horas.

VIII.- Recomendacións para o estudio da materia

Tratase dunha materia destinada a proporcionar un panorama xeral dos principais

debates contemporáneos en teoría política e a potenciar as capacidades de lectura, análise crítica, reflexión persoal e argumentación oral e escrita; así como a debater en público empregando argumentacións sólidas e non meras opinións ad hoc, polo que ademais de ser obrigatoria a asistencia as actividades docentes, debe disporse de tempo suficiente para ler, pensar e escribir de vagar, quer individualmente, quer en grupo.

IX.- Teoría Política. Actividades complementarias: Cinema

- *Citizen Kane* Orson Welles
- *Good Night. And Good Luck* George Clooney
- *El Sur* Víctor Erice
- *Paris, Texas* Wim Wenders
- *Copying Beethoven* A. Holland
- *Into the Wild* Sean Penn
- *Deserto Rosso* M. Antonioni
- *Gruppo di famiglia in un interno* L. Visconti
- *Trois couleurs: rouge* K. Kieslowsky
- *Sunshine* Itsvan Szabo
- *East is East* Damien O'Donnell
- *It's a Free World...* Ken Loach
- *La pelota Vasca* Julio Medem
- *Ulysses' Gaze* T. Angelopoulos
- *Michael Collins* Neil Jordan
- *Iron Jawed Angels* Katia von Garnier
- *Million Dollar Baby* Clint Eastwood
- *The French Lieutenant's Woman* Karel Reisz
- *The Age of Innocence* Martin Scorsese
- *4 meses, 3 semanas, 2 días* Cristian Mungiu
- *Todo sobre mi madre* Pedro Almodóvar
- *Milk* Gus Van Sant
- *Mulholland Drive* David Lynch
- *The Hours* Stephen Daldry
- *Thirteen Conversations about One Thing* Jill Sprecher
- *An Inconvenient Truth* Al Gore
- *The 11th Hour* N. e L. Connors

X.- Teoría Política. Actividades complementarias: Novela

- *El viaje del Profesor Caritat* Steven Lukes
- *Contrapunto* Aldous Huxley
- *Invisible* Paul Auster
- *La Peste* A. Camus
- *Pequeña Isla* Andrea Levy
- *G* John Berger
- *Verano* J. Coetzee
- *Microcosmos* Claudio Magris
- *Memorias de Adriano* M. Yourcenar
- *La Condición Humana* A. Malraux
- *Se está haciendo cada vez más tarde* A. Tabucchi
- *El lobo estepario* H. Hesse
- *La marcha Radetzky* Joseph Roth
- *Un armiño en Chernopol* Von Rezzori
- *El Mundo de Ayer* S. Zweig
- *La muerte de Virgilio* H. Broch
- *Auto de Fe* Elias Canetti
- *Doktor Faustus* Thomas Mann
- *Un Puente sobre el Drina* Ivo Andrich
- *La vida está en otra parte* Milan Kundera
- *Suite Francesa* Irene Nemirovsky
- *El Arco Iris de la Gravedad* Thomas Pynchon
- *Elegía para un americano* Siri Husvedt
- *Submundo* Don DeLillo
- *Loaira* Anxo Rei Ballesteros
- *Residente Privilegiada* Maria Casares

XI.- Observacións

HORARIO:

CLASES TEORICAS:

MARTES 18.00 - 19.30 Horas.

CLASES TEÓRICAS/ SEMINARIOS:

XOVES 17.00- 18.00 Horas

LUGAR: Aula 1.1

FICHA:

Por mor da ensinanza e avaliación continuada, compre entregar a ficha persoal cumprimentada a primeira semana do curso.

TUTORÍAS: Luns , Martes, 17.00- 18.00 horas;
Mércores, Xoves 19. 30 – 20.30 horas.

E-mail: ramon.maiz@usc.es

Móbil: 636 12 92 89

LINGUA:

Teoría política impartirase en **lingua galega**. De o solicitar os alumnos, especialmente os participantes no programa ERASMUS, poderase impartir en castelán.